



1 DE ABRIL DE 2009

## SPIRAL, UN MUNDO DE MAXIA

**Spiral** é a historia dun mago, o Mago Gusi, dende as primeiras ilusiões máxicas ata a máis moderna maxia de preto coa última tecnoloxía de proxección de vídeo.

Trátase dun espectáculo para toda a familia no que os espectadores serán participes de todo canto sucede en escena convertíndose, por momentos, en protagonistas das ilusiões.

Maxia histórica, cartomaxia, maxia cómica, ... un divertido percorrido polas diversas facetas da maxia no que o público non deixa de sorprenderse e de disfrutar co que sucede, inexplicablemente, diante dos seus ollos.

O símbolo da espiral, ben coñecido dos galegos por medio dos petroglifos e as mais antigas inscricións pétreas marca o camiño fantástico que percorrерemos durante 60 minutos máxicos.

[volver ó inicio ^](#)

## UN MUNDO DE ILUSIONS

O espectáculo envolve ó público dende o prncio nunha atmósfera máxica na que suceden continuamente cousas sorprendentes.

Luces que aparecen no ar e cambian inexplicamente de lugar, caixas valeiras das que non deixan de aparecer obxectos, panos que cambian de cor e se esvaeen no ar, ...

... pero eso non é todo. Tamén verán como o ilusionista se libera de cadeas fortemente suxeitas por varios espectadores, adiviñacións imposibles de cartas escollidas polo público e incluso cómo unha destas, despois de rota, se recompón nas mans do espectador.

Para os maiores inclúe unha parte de maxia de perto e cartomaxia realizada coa mais inxeniosa tecnoloxía de vídeo, de xeito que non se perda detalle do que sucede en escena.

O espectáculo vai ambientado con música orixinal composta especialmente para cada unha das ilusiões e que acentúa os momentos mais interesantes.

[volver ó inicio ^](#)

## CONTIDOS

- Spiral
- O Espectáculo
- O Mago Gusi
- Ficha Técnica
- Outros Espectáculos

## INFORMACION DE CONTACTO

**O Mago Gusi é producido por Altega S.L.**

[www.altega.com](http://www.altega.com)

[info@altega.com](mailto:info@altega.com)

Tel.: 988 391389

Pode poñerse en contacto para solicitar información, dispoñibilidade de datos, outros espectáculos e actividades, ...

[Visitar web»](#)

## Espectáculos a medida

Podemos realizar espectáculos á medida das súas necesidades. Simplemente propóñanos a súa idea e estaremos encantados de valorala e ver a posibilidade de producir un espectáculo á medida.

## ¿Quen contrata ó Mago Gusi?

Nos dous últimos anos o Mago Gusi ten levado o seu espectáculo a un gran número de concellos de toda Galicia: Allariz, Arzúa, Pobo de Brollón, Ares, Castro Caldelas, Santiago de Compostela, Ourense...

Tamén existe a posibilidade de contratalo particularmente para festas, comidas de empresas, celebracións, cumpleaños, comuñóns, despedidas de solteiro, ...

## O MAGO GUSI

O Mago Gusi, membro fundador do Círculo Máxico Auriense presenta en Galicia o seu cuarto espectáculo logo de éxitos como "O mago sen sombreiro", "Operación Truco" e "Nadanamanga"

Autodidacta, creativo, sempre innovador e cun fino humor galego, presenta espectáculos para toda a familia nos que a participación do público é unha constante.



[volver ó inicio ^](#)

## FICHA TECNICA

- **Público:** É un espectáculo familiar para todas as idades. O espectáculo preséntase en galego e en linguaxe adecuada para pequenos e adultos.
- **Duración:** 60 a 80 minutos en función da composición do público.
- **Espacio necesario:** Tarima de 6 x 3 metros. O espectáculo pódese adaptar ó espacio do que se dispoña.
- **Conexión eléctrica:** 1 toma de 220 Voltios e 3000 Watios cerca do escenario
- **Sonido:** Non é necesario ( O mago leva o seu propio sistema de sonido)
- **Iluminación:** Se hai luz de teatro pódese usar, en caso contrario o mago leva o seu propio sistema de iluminación.
- **Montaxe:** 90 minutos antes da actuación.
- **Desmontaxe:** 30 minutos despois da actuación.

[Descargar de internet o dossier completo »](#)

[volver ó inicio ^](#)

## CUSTE DO ESPECTACULO

Nun intento de ofrecer aos programadores culturais espectáculos de calidade a precios asequibles, ofrecemos **Spiral** a un caché ó alcance de calquera entidade.

Este espectáculo está incluído nas redes culturais da Xunta de Galicia e pode ser subvencionado nos circuitos CULTURA VAI e TITIRIMAXIA, polo tanto pode beneficiarse dun importante

### MAIS INFORMACIÓN

Pode visitala páxina web do Mago Gusi pulsando no seguinte enlace [www.magogusi.com](http://www.magogusi.com)

desconto.

Consúltenos caché e dispoñibilidade nos teléfonos:

**988 391389 e 610 530561**

## OUTROS ESPECTACULOS



Se o desexa, podemos ofrecerlle tamén os espectáculos dos anos anteriores:

**"O mago sen sombreiro" e "NadaNaManga"**

Son espectáculos que se poden presentar en calquera parte, non necesariamente teatros. Na rúa, prazas, auditorios ó aire

libre, teatros, colexios, salóns. Case calquera lugar é apropiado para presentar estes espectáculos nos que a nota predominante é a maxia cómica na que interveñen continuamente os espectadores como axudantes do mago.

. [Mais información na web »](#)

[volver ó inicio ^](#)

---